



Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**  
Alcaldía

Praza Ravela, 1  
36600 Vilagarcía de Arousa  
T 986 565 820 · F 986 511 012  
CIF: P/3606000 B  
alcaldia@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

#### PROVIDENCIA DE INCOACIÓN:

Pola Concelleira de Cultura informouse da necesidade de contratar o subministro (mediante aluguer) de elementos luminosos ornamentais e cadros eléctricos, a montaxe, mantemento e desmontaxe dos mesmos para as festas de Nadal 2018/19 e festas de Santa Rita e San Roque 2019, así como a distribución en baixa tensión e conexiónado e desconexiónado das orquestras, atraccións, postos, barracas de feira e caravanas de feirantes das festas de Santa Rita e San Roque 2019.

No Concello de Vilagarcía de Arousa celébranse varias festas ó longo do ano. As máis destacadas son as de Santa Rita e San Roque, nas que se decoran diversas rúas e prazas con iluminación ornamental para que estas teñan un carácter festivo.

Este tipo de iluminación tamén se coloca nas festas de Nadal para, ademais de conferir ós espazos públicos nos que se instalan un ambiente festivo, animar ós cidadáns a que fagan as súas compras no comercio local, dando lugar, por ende, a unha mellora da economía do Concello.

A iluminación ornamental durante as festas de Nadal colócase en moitas máis rúas, prazas e espazos públicos que durante as festas de Santa Rita e San Roque (o número mínimo estimado de elementos luminosos ornamentais para cada celebración é de 230 para Nadal, 45 para Santa Rita e 66 para S. Roque). Ademais a iluminación de Nadal está instalada durante un período de tempo moito máis longo (estímase que en Nadal estará colocada durante 34 días, mentres que nas festas de Santa Rita e San Roque estará instalada durante 6 e 12 días respectivamente).

Doutra banda, con motivo das festas de Santa Rita e San Roque o Concello contrata diversas orquestras para a celebración de bailes e verbenas (para o que son necesarios 2 cadros eléctricos para as festas de Santa Rita e un para as de S. Roque), e acuden ó municipio moitos feirantes que instalan as súas atraccións (estímase aproximadamente 22 atraccións), postos e barracas de feira (estímase 55 postos/barracas) e ademais as súas caravanas (aproximadamente 30), sendo necesario conectar/desconectar as orquestras, atraccións, postos, barracas de feira e caravanas de feirantes de xeito provisional, á rede de subministro eléctrico mentres duren as celebracións.

Todo iso, redunda en beneficio do Concello e los establecementos comerciais do mesmo, especialmente os do sector da hostalería, xa que con motivo das festas acuden miles de persoas a Vilagarcía que, en maior o menor medida, realizan un gasto no municipio.

O Concello non conta con elementos luminosos ornamentais en propiedade, nin con cadros eléctricos suficientes e axeitados para conectar as orquestras, atraccións, postos, barracas de feira e caravanas de feirantes á rede de subministro eléctrico.



Por outra banda, nas datas en que se deben realizar os traballos de instalación e conexión dos diversos elementos que forman parte do obxecto do contrato, o Concello non conta con persoal no servizo municipal de electricidade en número suficiente para poder realizar estas tarefas extraordinarias sen que o servizo ordinario que teñen que realizar (reparación avarías, revisión de bombeos, etc., se vexa afectado). Ademais, o persoal adscrito ó servizo non posúe a titulación necesaria para executar estes traballos e proceder á súa legalización para cumprir o disposto polo regulamento electrotécnico de baixa tensión.

Polo exposto, resulta necesario necesario proceder a contratar ó subministro (mediante aluguer) de elementos luminosos ornamentais e cadros eléctricos, a montaxe, mantemento e desmontaxe dos mesmos para as festas de Nadal 2018/19 e festas de Santa Rita e San Roque 2019, así como a distribución en baixa tensión e conexión e desconexión das orquestras, atraccións, postos, barracas de feira e caravanas de feirantes das festas de Santa Rita e San Roque 2019.

O contrato engloba prestacións de dous tipos: Subministro e servizos. De conformidade co disposto polo art. 18 da LCSP, o contrato ten carácter mixto, sendo o subministro a prestación cuxo valor estimado é maior.

De acordo co indicado no informe do encargado do servizo de mantemento municipal/alumeado e saneamento (servizo municipal de electricidade), de data 11 de outubro de 2018, non procede a división do contrato en lotes.

O orzamento do contrato se desagrega do seguinte xeito:

Sen IVE	IVE (21%)	Total (IVE inc.)
66.115,70 €	13.884,30 €	80.000,00 €
<b>Importe da prestación de subministro:</b> 39.669,42 € (sen IVE) / 48.000,00€ (IVE inc.)		
<b>Importe da prestación do servizo:</b> 26.446,28 € (Sen IVE) / 32.000,00 € (IVE inc.)		

O valor estimado do contrato ascende a 66.115,70 €, dos que 39.669,42 € corresponden ó subministro e 26.446,28 € ó servizo.

A contratación realizarase mediante procedemento aberto simplificado, toda vez que de acordo co disposto no art. 159 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, o valor estimado do contrato é inferior a 100.000 €.

Tendo en conta que parte do contrato executarase no ano 2018 e parte no ano 2019, o contrato financiarase polo Concello de Vilagarcía de Arousa do seguinte xeito:

Anualidade	Importe
2018	31.764,71€
2019	48.235,29€

Polo exposto, dispoño:



A iniciación do expediente de contratación do subministro (mediante aluguer) de elementos luminosos ornamentais e cadros eléctricos, a montaxe, mantemento e desmontaxe dos mesmos para as festas de Nadal 2018/19 e festas de Santa Rita e San Roque 2019, así como a distribución en baixa tensión e conexiónado e desconexiónado das orquestras, atraccións, postos, barracas de feira e caravanas de feirantes das festas de Santa Rita e San Roque 2019, non procedendo á división do obxecto do contrato en lotes, e que o mesmo se tramite polo procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e a través da plataforma de contratos do sector público (PLACSP).



Asdo.: Alberto Varela Paz  
Alcalde-Presidente